

O TEXTO DESCRITIVO

LINGUA GALEGA E LITERATURA I - CURSO 2024/2025 - IES AUGA DA LAXE

NO **TEXTO DESCRIPTIVO** EXPLÍCASE COMO É UN SER, OBXECTO, PAISAXE OU SENTIMENTO. NEL ENUMÉRANSE AS PARTES QUE O CONSTITÚEN, E TAMÉN SE EXPRESAN AS SÚAS CARACTERÍSTICAS, PROCESOS OU SITUACIÓN NO ESPAZO.

TIPOLOXÍA DOS TEXTOS DESCRITIVOS

Segundo o punto de vista do emisor, o xeito no que se expresa a realidade

- **Descrición realista ou obxectiva.** Explica con exactitude, polo que se dá unha visión do que se describe tal como é. Esta é a modalidade utilizada en textos de tipo académico, xurídico-administrativo, ou xornalístico, e adoita empregar unha terminoloxía especializada.
- **Descrición non realista ou subxectiva.** Comunica os sentimentos e emocións do emisor ou emisora sobre o elemento que describe; dáse, polo tanto unha visión persoal do que se describe, seleccionando aqueles elementos ou aspectos que son importantes para o emisor. Podemos achar estes textos no discurso literario ou no publicitario, por exemplo.

A vella cadeira anteriormente tiña sido verde, agora era moura, denegrida, marrón. O respaldo continuaba sendo verde e contrastaba co negro enfurruxado das patas de ferro.

M^a XOSÉ QUEIZÁN, *A ORELLA NO BURACO* (1965)

TIPOLOXÍA DOS TEXTOS DESCRITIVOS

Segundo o tema ou obxecto da descrición

- **Prosopografía.** Consiste na descrición dos trazos físicos dunha persoa.
- **Etopea.** Nel faise unha descrición dos trazos psicolóxicos e calidades morais dunha persoa.
- **Retrato.** Consiste na descrición dos trazos físicos e psicolóxicos dunha persoa. Cando amosa unha intención deformadora ou distorsionadora falamos de **caricatura**.
- **Zoografía.** Trátase da descricións de animais.
- **Iconografía.** Descrición de imaxes, como poden ser: retratos, estatuas, cadros etc.
- **Topografía ou descrición topográfica.** Trazos físicos dun lugar, as súas partes e peculiaridades. Se a descrición é a dun lugar imaxinario, falamos de **topotesia**.
- **Cronografía ou descrición cronográfica.** Descrición dun tempo ou época determinada.
- **Definición.** Texto que expresa con precisión as características esenciais dunha realidade.

Aquel home tiña unha alma pura, noble; tiña unha mente clara, fonda, delicadamente sensitiva. A súa personalidade era rica e complexa como poucas. Nel axuntábase a xenerosidade espiritual, o entusiasmo creador do artista coa responsabilidade trascendente e coa forza meditativa do filósofo.

RAMÓN PIÑEIRO, OLLADAS NO FUTURO (1974)

CARACTERÍSTICAS DA DESCRICIÓN

- **Organización da información seguindo un criterio de localización espacial.** Así, é abundante o uso de expresións locativas, utilizando adverbios ou frases preposicionais.
- **Uso frecuente de substantivos**, para denominar as realidades que se describen, **e tamén de adxectivos** para referir os seus trazos ou características.
- **Utilización de estruturas atributivas.** Tamén son frecuentes as construcións comparativas ou adversativas. En xeral, predomina a coordinación sobre a subordinación.
- **Uso de procedementos de cohesión textual:** empréganse os conectores espaciais e procedementos de relación léxico-semántica como a sinonimia, antonimia, derivación, hponimia ou hiperonimia.

Levaba unha grande pamela con papoulas de raso. Era branca, moi loura, curta de nariz, os ollos gacios; beizos grosos, pálidos. Camiñaba case sen pousar, tal se esvarase sobre os zapatíños cor limón; a saia verde murcho; branca e bordada a chambrá; luvas amarelas.

EDUARDO BLANCO AMOR, OS BIOSBARDOS (1962)

ÁMBITOS DE EMPREGO DOS TEXTOS DESCRITIVOS

O contexto social en que se desenvolve a comunicación inflúe decisivamente no uso e características dos textos descritivos producidos. Así, podemos atopar os seguintes ámbitos e textos onde é frecuente a descrición:

- **Ámbito académico-científico:** libros especializados, dicionarios, enciclopedias...
- **Ámbito xornalístico:** crónicas, descrições en noticias, reportaxes...
- **Ámbito publicitario:** anuncios, guías, textos publicitarios en diferentes medios...
- **Ámbito xurídico-administrativo:** informes, contratos, testamentos, sentenzas...
- **Ámbito literario:** descrições integradas en contos, novelas, poemas...
- **Ámbito familiar:** conversas, diarios, cartas, notas...

A balea azul é un una especie de mamífero mariño da orde dos cetáceos. O seu ventre moitas veces ten unha cor grisácea ou amarelada debido á presenza de algas que se adheren a el. Na parte superior da cabeza posúen dous orificios, chamados aventadores, que lles serven para respirar.

RAMÓN PIÑEIRO, OLLADAS NO FUTURO (1974)